



MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA 1

Apertura das ofertas presentadas

Na Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas do doce de marzo de dous mil dezanove, réunese a Mesa de Contratación baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde Manuel Emilio Pérez Outeiral (providencia de delegación de data 12/03/2018), coa asistencia do secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, do interventor Pablo Bao Castro, da técnica de administración xeral de secretaría María Sieira Ríos, e do secretario da Mesa, o auxiliar administrativo da oficina de contratación Ángel Manuel Pena Romay, co fin de proceder á apertura do arquivo dixital que contén a declaración responsable e a oferta económica de cada un dos licitadores presentados para a contratación que se indica a continuación:

<i>Obxecto</i>	Pavimentación e instalación de liña de pluviais na Rúa Torreiro (Corrubedo)
<i>Orzamento de licitación</i>	Orzamento base: 24.984,26 euros IVE 21%: 5.246,69 euros Orzamento total de licitación: 30.230,95 euros
<i>Valor estimado do contrato</i>	27.482,69 euros
<i>Prazo de execución</i>	2 meses
<i>Procedemento</i>	Procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo).

O investimento foi incluído no "**Plan complementario ó Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017**", aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61977, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 14/02/2019.

A licitación anunciouse na Plataforma de Contratación do Sector Público, na data 15/02/2019.

Sendo obxecto da reunión do día de hoxe a **apertura dos arquivos en soporte dixital**, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Contratación do Sector Público e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
Arines Obras y Proyectos, S.L.	CORRECTA	18.231,01 €
Barnacle Obras y Servicios, S.L.	CORRECTA	22.435,86 €
BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	CORRECTA	21.325,89 €
Canarga, S.L.	CORRECTA	24.049,59 €



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300050ED500G6Z8B2T0H7Y6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL EMILIO PEREZ OUTEIRAL-CONCELLEIRO DELEG. BENESTAR COMUNITARIO, PERSOAL... - 18/03/2019
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2019
 PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 18/03/2019
 MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 18/03/2019
 ANGEL MANUEL PENA ROMAY-AUXILIAR ADMINISTRATIVO CONTRATACION - 18/03/2019
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2019 13:18:55

EXPEDIENTE ::

2018C_0B000020
 Fecha: 10/10/2018
 Hora: 00:00
 Und. reg: REGISTRO GENERAL





Construccion Anspal, S.L.	CORRECTA	20.500,00 €
Construccion D. Ogando, S.L.	CORRECTA	24.859,33 €
Excavaciones Nima, S.L.	CORRECTA	18.224,15 €
Manuel Barcia García	CORRECTA	19.008,27 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	CORRECTA	18.718,20 €
Tarrio y Suarez, S.L.	CORRECTA	19.987,40 €
Ágada Occidente, S.L.,	CORRECTA	16.689,26 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador "Ágada Occidente, S.L.", debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada.

Vista a cláusula 15.4.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que establece que "cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas (artigo 149 da LCSP) notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo máximo de cinco días hábiles xustifiquen as súas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe".

Visto o artigo 149.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se dispón:

"A mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador en prazo e, no caso de que se trate da mesa de contratación, elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ao órgano de contratación. En ningún caso acordarase a aceptación dunha oferta sen que a proposta da mesa de contratación en este sentido estea debidamente motivada.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado catro, estimase que a información recollida non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo co orde en que foran clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150. En xeral rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica".

A MESA DE CONTRATACIÓN, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Dar audiencia ó licitador "Ágada Occidente, S.L.", que presenta unha oferta económica que debe entenderse, en principio, como anormal ou desproporcionada, para que no prazo máximo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte ó da notificación do correspondente requirimento, xustifique a súa oferta, achegando a documentación que se indica na cláusula 15.4.4 do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.

Levantándose esta reunión pola Presidencia, e estendéndose a presente acta, que asinan dixitalmente os asistentes, e do que, como Secretario da Mesa, dou fe.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300050ED500G6Z8B2T0H7Y6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL EMILIO PEREZ OUTEIRAL-CONCELLEIRO DELEG. BENESTAR COMUNITARIO, PERSOAL... - 18/03/2019
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2019
 PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 18/03/2019
 MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 18/03/2019
 ANGEL MANUEL PENA ROMAY-AUXILIAR ADMINISTRATIVO CONTRATACION - 18/03/2019
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2019 13:18:55

EXPEDIENTE :: 2018C_OB000020

Fecha: 10/10/2018

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

